

MEMORIA 2010

UNIDADE DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA
ADSCRITA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

INDICE

1.- INTRODUCCIÓN

1.1 BREVE RESUMO DO ANO 2010

2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO

3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.1.- SEGURIDADE ESTÁTICA:

3.1.1.- PROTECCION ESTÁTICA

3.1.2.- SALA DE COORDINACION

3.1.3.- EQUIPO DE RESPOTA POLICIAL

3.2.- SECCIÓN OPERATIVA DE PROTECCIÓN

3.3.- INVESTIGACIÓN:

3.3.1.- SERVIZO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR E MENORES

3.3.2.- SERVIZO PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN DE INCENDIOS

3.3.3.- SERVIZO DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL

3.3.4.- SERVIZO DE CAZA E PESCA FLUVIAL

3.3.5.- OUTRAS ACTUACIÓNS

3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E DE PERSOAL

3.5.- POLICÍA COMUNITARIA

4.- ESTRUCTURA DA UNIDADE

4.1.- XEFATURA DA UPA

4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E LOCAL

5.- CATEGORIAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

6.- DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL

6.1.- POSTOS DE TRABALLO

6.2.- POR SEXO, CATEGORÍA, DESTINO E IDADE

7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

7.1.- POLICIA XUDICIAL

7.2.- MENORES DESAPARECIDOS

7.3.- POLICÍA ADMINISTRATIVA

7.3.1.- INFORME PLADIGA

7.3.2. DISPOSITIVO DE COLABORACIÓN DA UPA CON MOTIVO DO





XACOBEO 2010

7.3.3 EQUIPO DE RESPONSA POLICIAL

7.4.- POLICÍA DE SEGURIDADE

7.4.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

7.4.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

7.5 APOIO A INSTITUCIÓN

7.6.-RELACIÓN COA COMUNIDADE

8.- XESTIÓN DE RECURSOS

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

8.2.- DISPOSITIVO DE COMUNICACION E MOBILIDADE

9.- OBIECTIVOS ANO 2011



1.- INTRODUCCIÓN



1.- INTRODUCCION

No convencemento de que a función policial debe ter como principio inspirador a prestación dun servizo público de calidade, a Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), dentro do seu ámbito competencial, diseña as súas actuacións consonte ás demandas e ás necesidades da sociedade galega, procurando adaptarse ao seu constante dinamismo e as novas esixencias derivadas dun maior desenvolvemento e modernidade.

Con esta memoria a UPA pretende dar a coñecer a outras institucións e, en xeral, á sociedade galega as principais actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2010, así como facer un resumo da estrutura da unidade policial, dos seus recursos humanos e materiais e do marco normativo no que se encadran as súas funcións.

A finalidade deste documento non se esgota en dar conta das actuacións realizadas pola UPA no ano 2010, tamén recolle os indicadores que permiten avaliar os distintos servizos prestados e o grao de cumprimento dos seus obxectivos, pretendendo converterse nun instrumento que afonde na calidade dos servizos da UPA e nos resultados acadados, así como avanzar nos obxectivos establecidos para o ano 2011.

Todo isto, nun claro desexo de total transparencia a prol dun acercamento aos cidadáns galegos, aos que en definitiva serve e ante os que responde.





1.1 BREVE RESUMO DO ANO 2010

O final do ano 2010 significou o peche da celebración do Ano Xubilar Compostelán, **Xacobeo 2010**, que supuxo, para toda a Comunidade Autónoma de Galicia, a visita de millóns de persoas que chegaron até aquí co obxectivo de participar na citada celebración.

Devandito evento, pola súa relevancia mesmo internacional, pola súa prolongada duración no tempo e, especialmente, pola innegable proxección da Comunidade Autónoma de Galicia, reuniu os requisitos para considerar que a seguridade no seu desenvolvemento fora un valor en si mesmo.

No éxito da celebración xubilar tivo un papel destacado e primordial o labor desenvolvido a cabo polas forzas e corpos de seguridade despregadas non só na nosa Comunidade, senón en todas aquelas comunidades polas que discorren os distintos camiños.

O Consello da Xunta aprobou o 5 de febreiro o **plan de actuación da Policía Autonómica con motivo do Xacobeo 2010**, cuxas actuacións se dirixiron a potenciar a seguridade nos desprazamentos dos peregrinos, en actos institucionais, culturais, sociais e deportivos e visitas de autoridades.

O Plan dividiuse en tres fases. O punto álxido serían os meses de xullo, agosto, setembro e decembro, nos que se potenciarían as patrullas do Camiño, que percorrerían de maneira permanente as principais rutas, mentres que nas demais vías aumentaría a presenza policial.

Desde este mes até o comezo da Semana Santa iniciouse o recoñecemento das rutas principais con patrullas que percorreron periodicamente os itinerarios, en especial os camiños Francés e Portugués.





Finalmente, desde Semana Santa até o mes de xuño, e tamén en outubro e novembro, incrementáronse os percorridos e as patrullas.

Coordinación interna e externa

A coordinación do plan a nivel interno efectuouse desde a Sala de Coordinación da Unidade da Policía Autonómica en Santiago de Compostela cun servizo ininterrompido durante as 24 horas, que recibiu todas as comunicacións sobre as incidencias producidas. A Sala coordinouse coa Central de Emerxencias da Xunta de Galicia, teléfono 112.

A Policía Autonómica coordinouse coas demais forzas e corpos de seguridade, como a Policía Nacional, a Garda Civil e Policía Local.



XACOBEO 2010
Galicia

Neste aspecto, foi a Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Xunta de Galicia, a encargada de

elaborar o **DISPOSITIVO DE COLABORACIÓN DA UPA CON MOTIVO DO XACOBEO 2010** que dotou a esta celebración das máis altas cotas de seguridade. A celebración do Ano Santo Xacobeo 2010, supuxo un incremento notable nos dispositivos de seguridade a desenvolvidos tanto nos numerosos actos xubilares, como na protección dos distintos Camiños de Santiago e os seus peregrinos.

Todo iso requiriu inevitablemente un esforzo notable no apartado de recursos humanos, logo que cos que conta a Unidade resultaban insuficientes para cubrir os servizos existentes de forma eficiente. A tal efecto a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior permitiu que parte destes dispositivos foran realizados a través de servizos extraordinarios realizados polos funcionarios da UPA durante o seu tempo libre. Ademais facilitouse aos funcionarios o desvío de vacacións ao



obxecto de que durante a época estival o número de patrullas nos distintos Camiños de Santiago fose o adecuado e necesario.

Destacou así mesmo a coordinación a nivel interno das restantes Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e Policias Locais coa Unidade de Policía en Santiago e o 112, cunha importante presenza da UPA nos albergues para garantir a seguridade dos peregrinos e evitar posibles condutas delituosas.



Outro aspecto esencial do traballo da Unidade son as súas funcións de prevención e control, que se traduciron en máis de 46.000 persoas identificadas e 350 vehículos controlados nas diversas

rutas e Camiños. Ademais, en canto a Medio Ambiente, outra das competencias deste corpo, producíronse case 300 inspeccións ambientais que se suman a outras 73 denuncias relacionadas coa Lei de Protección do Camiño.

Por tanto, o pasado 2010, foi un ano de intenso traballo que obrigou a dedicar un gran esforzo, tanto en medios persoais como materiais, como máis adiante se exporá.



O pasado día 4 de outubro o conselleiro de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, participou na entrega das **Medallas ao Mérito Policial** en Vigo, organizadas co gallo do festexo dos Santos Anxos Custodios (Día da Policía)

e felicitou a todos os presentes polo seu traballo diario en prol “dunha maior seguridade e liberdade dos cidadáns galegos”.

No acto, no que tamén asistiron o director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, e a delegada da Xunta de Galicia en Vigo, Lucía Molares, foron condecorados , xunto con outros membros da Unidade e do Corpo Nacional de Policía, os dous axentes da UPA que sufriron un accidente automobilístico en Nigrán en xaneiro deste ano, cando se atopaban de servizo. “Nunca se lles agradecerá bastante a súa entrega polos demais”, asegurou o conselleiro, que ampliou este recoñecemento ao resto de corpos e forzas de seguridade.



O Papa Bedito XVI visitou Santiago de Compostela o pasado 6 de novembro con motivo da celebración do Ano Xacobeo 2010

O dispositivo de seguridade despregado ao efecto e que velou pola protección integral do Papa durante a súa visita a Compostela estivo integrado por uns 6.000 axentes da Policía Nacional, Garda Civil, Policía Local, Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galicia , membros do servizo de protección de Casa Real e dos servizos de Urxencias da Xunta de Galicia.

Neste evento tivo unha presenza importante a Unidade de Policía Adscrita, xa que colaborou no dispositivo de seguridade coordinada co resto dos corpos implicados para ofrecer aos cidadáns o mellor servizo, e ser da maior utilidade



nun acontecemento histórico como foi o vivido o pasado 6 de novembro en Galicia.

O Plan de loita contra incendios forestais en Galicia (Pladiga) prevé cada ano a colaboración específica do persoal da unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, en tarefas tanto relativas á prevención de lumes como á posterior investigación deles, de xeito que se poidan deter as persoas que aparezan como as súas autoras.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou no Consello da Xunta un informe sobre o traballo deste corpo no Pladiga 2010 no que participaron un total de 187 axentes que realizaron 652 patrullas de investigación, 2.132 de prevención; 931 identificacións de persoas, 1.163 de vehículos e case 1.900 entrevistas

O dispositivo extraordinario de loita contra incendios forestais da Policía autonómica incrementou nun 57% as patrullas de prevención respecto ao ano 2009.

O éxito da campaña de loita contra incendios forestais en Galicia deste verán estivo motivado polo aumento das actuacións de prevención -patrullas, identificacións de persoas e vehículos, denuncias por queimas, etc., polo incremento de actividades relacionadas coa investigación de lumes -entrevistas, dilixencias e investigacións de perfís de presuntos autores- e polo importante aumento no número de persoas detidas como responsables, que nesta edición foi sensiblemente superior ás dos últimos anos.





O Consello da Xunta aprobou o 3 de xuño O **Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia e a Consellería de Medio Ambiente polo que se regulan e se recollen as actuacións da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA) relacionadas con aspectos como a inspección de augas, a urbanística e a ambiental.**

O acordo regula por primeira vez de xeito global o marco operativo de colaboración entre a UPA e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Para tal fin, establece as actuacións da Unidade de Policía Adscrita que, en colaboración cos distintos centros directivos e entidades adscritas á consellería irán dirixidas a asegurar un eficaz cumprimento da normativa en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, vivenda e solo, infraestruturas e mobilidade.

As actuacións de colaboración policial obxecto deste acordo abranguen a realización e o apoio das seguintes actuacións:

□ En materia de **inspección ambiental**: comprobar que se cumpren as prescricións normativas de protección ambiental e vixilancia de calquera tipo de actividade e instalación que fose susceptible de afectar negativamente ao ambiente de Galicia; identificar os presuntos responsables de infraccións ambientais; comprobar o cumprimento das resolucións en materia de

Preservando o
equilibrio

Xunta de Galicia - Calidade e Avaliación Ambiental





disciplina ambiental, e auxilio da forza pública para levar a cabo investigacións no eido da protección ambiental.

□ En materia de **defensa do patrimonio viario** de titularidade autonómica: auxiliar e colaborar co persoal de inspección de estradas na vixilancia e control no relativo á defensa e uso das estradas de titularidade autonómica; identificar as persoas presuntamente responsables da comisión de infraccións administrativas en materia de estradas, formulando e remitindo a correspondente denuncia ao órgano administrativo competente; auxiliar o persoal de inspección de estradas na investigación e práctica das probas que se consideren necesarias para acreditar as infraccións administrativas denunciadas; e prestar o auxilio necesario para levar a cabo a execución forzosa, coactiva, tanto das medidas adoptadas tendentes á paralización das obras ou usos non autorizados, como dos actos administrativos ditados en materia de reposición da legalidade viaria.

□ En materia de **inspección do transporte**: a UPA colaborará cos membros da inspección do transporte no exercicio da función de control do cumprimento da normativa reguladora dos transportes, que consistirá no desenvolvemento conxunto de actuacións de control, tanto na estrada como nas instalacións das empresas transportistas ou relacionadas co dito sector; en feitos constitutivos de posible infracción administrativa na materia, a UPA procederá á identificación das persoas presuntamente responsables, así como á formulación das correspondentes denuncias. Estas actuacións poderanse estender tamén ao ámbito do transporte marítimo.

□ En materia de **inspección e vixilancia das augas e das súas zonas de protección**: colaborar con Augas de Galicia na inspección e vixilancia do cumprimento das autorizacións e concesións relacionadas co dominio público hidráulico; colaborar e auxiliar á gardaría fluvial de Augas de Galicia na práctica das dilixencias de investigación, exames ou probas; auxiliar a Augas de Galicia cando este



organismo autónomo deba facer cumprir as súas disposicións e actos polos medios de execución forzosa previstos na lei.

□ Nas materias da competencia da **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística**: vixilancia do territorio para comprobar que as obras de nova edificación que se están a executar en solo rústico e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre estean amparadas en licenza urbanística municipal e na preceptiva autorización urbanística autonómica; identificación dos presuntos infractores urbanísticos; comprobación do cumprimento das resolucións da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ordenando a suspensión ou paralización de obras ilegais; execución material da precintaxe das obras; comprobación do cumprimento das resolucións da Axencia ordenando a demolición de obras ilegais; e auxilio da forza pública para levar a cabo a execución forzosa das ordes de demolición.

□ En materia de **vivenda**: as unidades da UPA colaborarán co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) na entrada aos domicilios, logo da oportuna autorización xudicial, nos casos de lanzamentos derivados de execucións hipotecarias ou resolucións administrativas de desafiuzamento.

O 27 de xuño do 2010 asinouse o **Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería do Mar** para



reforzar a seguridade do persoal na loita contra o o furtivismo na comunidade autónoma.

Ao longo do pasado ano o Grupo de Resposta Policial (ERPOL) desta Unidade participou nun total de 84 dispositivos en colaboración coa Consellería do Mar



Dende a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, estanse a incrementar ano a ano os esforzos en dotación de novas tecnoloxías, en formación e especialización, tanto no eido da coordinación de policía locais como da UPA., por considerar que o seu fortalecemento garante a seguridade como valor propio da sociedade de benestar e constitúen os instrumentos para acadar na nosa comunidade autónoma unha política de seguridade integral, como valor crucial da sociedade galega.





2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO





2.- TRAXECTORIA E MARCO NORMATIVO

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, número 25, a posibilidade de crear unha policía autónoma, de acordo co que dispoña a lei orgánica prevista no artigo 149.1.29 da Constitución.

A Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, no seu artigo 37.1, dispón que as comunidades autónomas que o teñan previsto no seu estatuto poderán crear corpos de policía para o exercicio das funcións de vixilancia e protección ás que se refire o artigo 148.1.22 da Constitución, e as demais que lle atribúe a citada lei. No seu apartado 2, o artigo 37, determina que as comunidades autónomas que non fixesen uso das posibilidades previstas no apartado 1, poderán exercer tales funcións de conformidade co establecido no artigo 47 desta lei orgánica.

O artigo 47 da Lei orgánica 2/1986 establece que as comunidades autónomas incluídas no apartado 2 do seu artigo 37, poderán solicitar ao Goberno da Nación, a través do Ministerio do Interior, para o exercicio das funcións previstas no seu artigo 38.1, a adscrición de Unidades do Corpo Nacional de Policía e que as condicións da dita adscrición se determinarán en acordos administrativos de colaboración de carácter específico.

En desenvolvemento do devandito artigo 47, aprobouse o Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, que regula a organización de Unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás comunidades autónomas e establece as peculiaridades do réxime estatutario do seu persoal.

Na súa virtude, o 22 de outubro de 1990, instrumentouse o Acordo Administrativo de Colaboración entre o Ministerio do Interior e a Comunidade





Autónoma de Galicia en materia policial, constituíndose e adscribíndose unha Unidade do Corpo Nacional de Policía, por Orde do Ministerio do Interior, do 19 xuño de 1991, que no seu artigo primeiro establece que a unidade policial depende organicamente do Ministerio do Interior e funcionalmente da Xunta de Galicia, exercitándose na actualidade pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Así mesmo, e consonte á dependencia funcional sinalada, dispónse que durante o tempo da adscrición a unidade policial cumprirá as ordes e directrices das autoridades competentes da Xunta de Galicia, ante as que renderá contas das súas actuacións.

Dende a súa creación en 1991, a Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia vén desempeñando funcións de Policía Autonómica, crescendo na prestación dos seus servizos para dar resposta á asunción paulatina de novas funcións e competencias pola Administración galega, para o que tamén se produce un incremento de efectivos e de distribución territorial.

Na actualidade o Acordo Administrativo de Colaboración, do 22 de outubro de 1990, entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia policial, coas modificacións que resultan da Resolución Conxunta sobre a súa prorroga, do 22 de outubro de 1993, e tamén os acordos sobre nova prórroga, do 17 de outubro de 1996, do 17 de outubro de 1999 e do 16 de outubro de 2002 e o último acordo, asinado o 17 de outubro de 2005, o cal venceu no ano 2008 polo que sigue vixente mentres non se asine un novo acordo entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.





3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.1.- SEGURIDADE ESTÁTICA:

- 3.1.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA
- 3.1.2.- SALA DE COORDINACIÓN
- 3.1.3.- EQUIPO DE RESPOSTA POLICIAL

3.2.- SECCIÓN OPERATIVA DE PROTECCIÓN

3.3.- INVESTIGACIÓN

- 3.3.1.- SERVIZO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA INTRAFAMILIAR E MENORES.
- 3.3.2.- SERVIZO PERMANENTE DE INVESTIGACIÓN DE INCENDIOS
- 3.3.3.- SERVIZO DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL
- 3.3.4.- SERVIZO DE CAZA E PESCA FLUVIAL
- 3.3.5.- OUTRAS ACTUACIÓNS

3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E DE PERSOAL

3.5.- POLICÍA COMUNITARIA





3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

A Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corps de Seguridade dispón o marco competencial que corresponde ás Comunidades Autónomas respecto das súas Policias.

No seu artigo 38 recolle que as Comunidades Autónomas que en cuxos estatutos esté previsto crear Corps de Policía para o exercicio de funcións de vixilancia e protección ás que se refire o artigo 148.1.22ª da Constitución e as demais que lle atribúe a presente lei, poderán exercer con carácter de propias as seguintes funcións:

- a) Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da Comunidade Autónoma.
- b) A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.
- c) A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita.
- d) O uso da coacción en orde á execución forzosa dos actos ou disposicións da propia Comunidade Autónoma.

As devanditas funcións recóllense expresamente no Acordo Administrativo de Colaboración entre o Ministerio do Interior, do 22 de outubro de 1990, e nos subseguintes acordos sobre novas prórrogas, así como na Orde do Ministerio do Interior, do 19 xuño de 1991.

A UPA crece na prestación dos seus servizos de xeito paralelo ás novas competencias asumidas polo Goberno galego, circunstancia que determina tanto o incremento dos seus recursos humanos e materiais, como un maior



despregamento no territorio da nosa Comunidade Autónoma.

Dende esta óptica de crecemento da UPA e consonte á experiencia acumulada, en síntese pódense agrupar as súas actuacións en cinco ámbitos de actividade:

1.- Seguridade estática:

2.- Protección de personalidades da Xunta de Galicia

3.- Investigación:

- Medio ambiente natural.
- Incendios forestais.
- Menores.
- Violencia de xénero.
- Patrimonio histórico e cultural.
- Xogo.
- Marisqueo ilegal.
- Urbanismo e outras.

4.- Xestión técnica e de persoal.

5.- Policía comunitaria

3.1.- SEGURIDADE ESTÁTICA

Neste ámbito de actuación intégranse os seguintes servizos:

- protección estática

Edifícios propios da xefatura da Unidade, xefaturas provinciais e xefatura local de Vigo.

- Edifícios administrativos da Xunta de Galicia: San Caetano,
- Parlamento de Galicia.
- Residencia do Presidente da Xunta de Galicia en Monte Pío.
- Pazo de Raxoi.

- sala de coordinación e
- Equipo de Resposta Policial (ERPOL)

3.1.1.- Protección Estática



Edificio de seguridade no Parlamento de Galicia

Estes servizos desenvólvense a cotío na sede do Parlamento de Galicia, nos diversos complexos administrativos da Xunta de Galicia, na residencia do presidente da Xunta de Galicia en Monte Pío, no Pazo de Raxoi e nas propias instalacións utilizadas como sedes pola UPA



Residencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia



Actividades desenvolvidas

~ 20 ~

**Edificio administrativo de San Caetano**

3.1.2.- Sala de coordinación

Situada na sede da Xefatura da UPA en Santiago de Compostela, realiza as tarefas de coordinación operativa interna de toda a Unidade e as de coordinación das comunicacións co exterior.

Nesta sala de coordinación recíbese a información e os requirimentos dos cidadáns de todo o territorio galego, as transmitidas dende o Corpo Nacional de Policía e da Central de Emerxencias 112, sen prexuízo das recibidas en virtude da dependencia funcional dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Posteriormente dende esta sala se transmiten tales requirimentos e a información

de que se dispón ás dotacións policiais en servizo, ás xefaturas provinciais e local, a outros operadores policiais e aos servizos administrativos que corresponda da Xunta de Galicia.

3.1.3.- Equipo de Resposta Policial (ERPOL)

Este equipo posibilita a actuación inmediata da UPA ante calquera situación de conflitividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que requira dunha pronta resposta policial por afectar aos intereses da Xunta de Galicia.

Como estaba previsto o grupo incrementou tanto o número de funcionarios que o integran como as competencias asumidas dedicando especial atención á loita contra o marisqueo ilegal, sempre en apoio e a requirimento da Consellería do Mar (Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería do Mar para reforzar a seguridade do persoal na loita contra o o furtivismo na comunidade autónoma).



3.2.- SECCIÓN OPERATIVA DE PROTECCIÓN

A denominada Sección Operativa da UPA centra a súa actividade na prestación de protección dinámica de altas personalidades da Xunta de Galicia e de altos cargos doutras administracións ou persoas que pola súa relevancia precisen desta protección nas súas estadias na nosa Comunidade Autónoma.

3.3.- INVESTIGACIÓN

As actividades de investigación que efectúa a UPA desenvólvense tanto na xefatura da Unidade como nas xefaturas provinciais e local, e abranguen tanto os servizos de policía administrativa (inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma) como de policía xudicial (infraccións penais nos ámbitos de medio ambiente, malos tratos intrafamiliares, menores, contra o patrimonio histórico e cultural, etc), derivadas das actuacións administrativas ou por requirimento das autoridades xudiciais ou da fiscalía.

Neste ámbito de actuación intégranse, entre outros, os servizos:

- servizo de atención a vítimas de violencia intrafamiliar e menores
- equipo permanente de investigación de incendios
- servizo de protección do medio natural
- servizo de caza e pesca fluvial
- servizo de patrimonio histórico cultural
- outras actuacións

3.3.1.- Servizo de Atención a Vítimas de Violencia Intrafamiliar e Menores

Este servizo, en colaboración co CNP tramita atestados por infraccións penais derivadas de malos tratos intrafamiliares e vitimización de menores ou incapaces, así como o incumprimento de ordes de afastamento e de ordes de protección e





da vixilancia do seu cumprimento, derivados dos mesmos.

Un grande número destas actuacións realízanse en colaboración e co apoio doutros servizos da administración, cos que se manteñen contactos periódicos a prol da debida coordinación.

Neste eido son especialmente subliñables as actuacións da UPA respecto dos menores baixo a tutela ou protección da Xunta de Galicia por encontrarse en situación de risco ou desamparo e dos menores infractores da lei penal na execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e no seu regulamento aprobado por Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo.

No ano 2007, o 7 de maio asinouse entre a Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Dirección Xeral de Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un documento sobre procedemento operativo no que se recollen as actuacións da U.P.A no eido de menores, con fin de garantir un axeitado coñecemento do marco legal de aplicación por todos os implicados, así como incrementar a calidade na prestación dese servizo público.

3.3.2.- Servizo Permanente de Investigación de Incendios

O equipo de investigación permanente de incendios, que radica na Xefatura da UPA en Santiago de Compostela, ten como principais funcións:

- centralizar a actividade operativa despregada polos distintos equipos de investigación de incendios das xefaturas provinciais e a local de Vigo,
- unificar todos os informes emitidos e,



- trasladar as directrices derivadas da participación da UPA nos órganos de coordinación policial da devandita actividade, en concreto, no Comité de Coordinación Policial anti incendios.

Estes servizos préstanse en colaboración coa unidade encargada da defensa contra os incendios forestais, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural.



3.3.3.- Servizo de Protección do Medio Natural

A protección do ambiente natural é unha das actividades fundamentais da UPA. Trátase de dar a resposta máis eficaz e eficiente posible para erradicar o incumprimento do amplo espectro normativo que a Comunidade Autónoma galega ten en materia de protección do medio.



É de subliñar a necesaria coordinación coas distintas unidades encargadas da conservación da natureza da Consellería de Medio Rural



3.3.4.- Servizo de Caza e Pesca Fluvial

O control das actividades de caza e pesca fluvial esixe unha presenza permanente da UPA no medio rural. Debe resaltarse que a experiencia acumulada pon de manifesto nesta actividade un alto nivel de eficacia, tanto polo número de inspeccións practicadas como polo número de actas-denuncias estendidas e tramitadas.

3.3.6.- Outras actuacións

A actividade de investigación esténdese a outras materias suxeitas á actividade de inspección administrativa e infraccións penais como poden ser a protección do patrimonio, sanidade, hixiene, transportes, gandería, camiños de Santiago, ordenación urbanística, costas, industria, etc. Materias que son desenvolvidas polas unidades das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

3.4.- XESTIÓN TÉCNICA E PERSOAL

Na Secretaría Xeral da UPA e nas respectivas xefaturas provinciais e local realízanse actividades que son propias na xestión de recursos tanto humanos como materiais que permiten o correcto funcionamento e a eficaz prestación do servizo por parte dos funcionarios.

A Secretaría Xeral ten unha importante interacción co resto das seccións, xa que logo a través desta se canaliza e avalía a información que manexa a UPA e, a súa vez, se nutre da información xerada nas seccións para, entre outras cuestións, a realización das estatísticas.



3.5.- POLICÍA COMUNITARIA

O labor policial, entendido como servizo público, non pode en ningún caso quedar á marxe dos labores asistenciais, humanitarios e de apoio a institucións.

A UPA, serve aos intereses e necesidades da cidadanía galega e ás súas institucións; os seus policías traballan a prol da comunidade e cunha actitude proactiva, sempre en aras de acadar un maior nivel de seguridade; coa intención de que se percibida unha continúa mellora da seguridade individual polos cidadáns.

A presenza continuada das distintas patrullas da UPA teñen como consecuencia a satisfacción e o recoñecemento da cidadanía galega.





4.- ESTRUCTURA DA UNIDADE

4.1.- XEFATURA

4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E XEFATURA LOCAL



4.- ESTRUCTURA DA UNIDADE

Dende a súa creación en 1991, a xefatura da UPA sitúase en Santiago de Compostela, capital de Galicia e cidade na que se localizan o maior número de edificios administrativos da Xunta de Galicia e as sedes doutras altas institucións da nosa Comunidade Autónoma.

No ano 1994, iníciase o despregamento territorial da UPA coa posta en funcionamento das catro xefaturas provinciais, ampliándose no 1997 coa apertura da sede local na cidade de Vigo.

4.1.- XEFATURA DA UPA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como xa se comentou a xefatura de UPA ten a súa sede en Santiago de Compostela, sendo na actualidade o seu máximo responsable o comisario xefe **D. José Antonio Alvarez Villar**.

A estrutura da xefatura da UPA complétase cun adxunto, como segundo xefe, do que depende directamente o Equipo de Resposta Policial (ERPOL).

Adscrito directamente ao xefe da UPA encóntranse o Gabinete Técnico, que realiza todas as tarefas de apoio á xefatura e a xestión informática, e a Secretaría Xeral con labores en persoal, comunicacións, vestiario, armamento e vehículos.

A continuación a xefatura central organízase en dúas grandes áreas de actividade denominadas seccións:

- sección de seguridade e protección

* protección estática na sede do Parlamento de Galicia, edificios administrativos da Xunta de Galicia, complexo residencial de Monte Pío, Pazo de Raxoi e sedes da UPA

* protección dinámica, mediante a sala de comunicacións e a protección de personalidades.


- sección de investigación

*Medio ambiente: medio natural e investigación de incendios

*Violencia de xénero e menores: violencia intrafamiliar e menores

*Grupo de Patrimonio Histórico cultural.

*Grupo de apoio á sección (Secretaría)



4.2.- XEFATURAS PROVINCIAIS E XEFATURA LOCAL

As catro xefaturas provinciais e a xefatura local de Vigo exercen, dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, as mesmas funcións xa sinaladas nas dúas grandes áreas de actuación, investigación e seguridade-protección.

Como peculiaridade sinalar que da protección dinámica encárgase sempre o grupo de protección dinámica da xefatura da UPA en Santiago de Compostela.

Esta estrutura da UPA implica o funcionamento de dous sistemas de traballo en canto a supervisión dos servizos e da xestión: territorial (sala de coordinación, protección dinámica, actividades de investigación e xestión técnica e de persoal) e xefatura local (as restantes actividades).



Así, naquelas actividades de investigación que non implican unha coordinación con outros organismos, como cando se precisan nas actuacións en incendios, as xefaturas funcionan con autonomía.

O artigo 4 do Real Decreto 2021/1991, do 22 de febreiro, polo que se regulan as organización das Unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás Comunidades Autónomas dispón que: “*o ámbito de actuación territorial de cada unidade adscrita será o territorio da correspondente Comunidade Autónoma, agás no relacionado coa protección de altas personalidades e bens inmobles, supostos nos que os membros da unidades continuarán asumindo o exercicio das súas funcións nos eventuais desprazamentos en todo o territorio español*”.

Como consecuencia de tal previsión normativa a Sección Operativa de Protección pode exercer as súas funcións en todo o ámbito territorial do estado

español.

Nas restantes actuacións o funcionamento da UPA, cunha única xefatura, exerce as súas funcións de xeito descentralizado nas respectivas xefaturas provinciais e local en Vigo.





5.- CATEGORÍAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

5.- CATEGORÍAS, DISTINTIVOS E UNIFORMIDADE

As escalas e categorías profesionais dos membros da UPA e os distintivos e emblemas da súa uniformidade figuran no seguinte cadro:

S u p e r i o r	Comisario Principal		 ESCALA SUPERIOR
	Comisario		
E j e c u t i v a	Inspector Xefe		 ESCALA EXECUTIVA
	Inspector		
S u b i n s p e c i o n	Subinspector		 ESCALA SUBINSPECCIÓN
B á s i c a	Oficial de Policía		 ESCALA BÁSICA
	Policía		



A normativa pola que se regula a uniformidade dos membros da UPA é a seguinte:

* Orde do Ministerio de Interior do 19 de xuño de 1991 pola que se crea unha Unidade do Corpo Nacional de Policía e se adscribe á Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no seu artigo 8 que *"A uniformidade da Unidade será a de traballo do Corpo Nacional de Policía, portando sobre a manga dereita da prenda exterior do uniforme un emblema co escudo de Galicia, así como a prenda de cabeza das Unidades Especiais do Corpo Nacional de Policía, que tamén levará o escudo citado"*.

* Orde do Ministerio do Interior do 1 de outubro de 1992 que completa a Orde Ministerial do 30 de novembro de 1990 para as Unidades Especiais e Servizos Específicos do Corpo Nacional de Policía, que dispón na súa disposición final primeira que se autoriza ao director xeral da Policía para establecer o uso de equipamento persoal, indumentaria complementaria ou uniformidade especial, cando a prestación de determinados servizos así o requira.

* Resolución do director xeral de Policía, do 22 de xullo de 2002 que dispón que *"os funcionarios da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, poderán utilizar, como uniformidade de traballo, as prendas reguladas na Orde do Ministerio do Interior de 30 de novembro de 1990"*.





6.- DISTRIBUCIÓN DE PERSOAL

6.1.- POSTOS DE TRABAJO

6.2.- POR SEXO, CATEGORÍA, DESTINO E IDADE

6.- DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL

6.1.- POSTOS DE TRABAJO

A UPA finaliza o ano 2010 con 363 membros pertencentes ás diferentes escalas e categorías do Corpo Nacional de Policía, e que se distribúen na Xefatura da Unidade en Santiago de Compostela, nas catro Xefaturas Provinciais e na Xefatura Local de Vigo. Estes funcionarios en servizo activo obtiveron a súa prazas nos sucesivos concursos específicos de méritos.

Ademais, hai 7 funcionarios en situación de segunda actividade con destino, o que implica que non poden desempeñar misións operativas.

Persoal da UPA por categorías e xefaturas:

	X. UPA	ADXTO	X. PRO.	X.SEC.	X.GRP.	X.SGRP.	X.EQ	POEB	TOTAL
SANTIAGO	1	1		2	4	5	16	138	167
A CORUÑA			1				3	34	38
LUGO			1			1	1	34	37
OURENSE			1		1	1	3	39	45
PONTEVEDRA			1		1	1	2	35	40
VIGO			1			1	2	32	36
TOTAL	1	1	5	2	6	9	27	312	363
2ªactividade					2	1	1	3	7

No ano 2010 o descenso de funcionarios foi polos seguintes motivos:





Distribución de Persoal

~ 37 ~

xubilacións, cambios de destino e ascensos de categoría.

No seguinte cadro amósase a evolución dos recursos humanos da UPA:





Durante o ano 2010 a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior realizou xestións coa Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil do Ministerio do Interior, para o incremento das prazas da UPA ata 500 efectivos e para a provisión de postos intermedios que, sen dúbida, repercutirían positivamente na organización e no despregamento territorial da UPA


Na actualidade o déficit de persoal afecta a todas as categorías, pero de xeito especial, ás executiva e subinspección. A inexistencia dun maior número de xefes de grupo –inspectores– e de xefes de subgrupo –subinspectores–, que son peza fundamental na dirección, mando e organización dos servizos de toda unidade policial, debe intentarse corrixir nun futuro inmediato.

Por outra banda a UPA carece de funcionarios para labores administrativos e de apoio, o que implica que funcionarios policiais realicen tales funcións en vez das operativas.


6.2.- POR SEXO, CATEGORÍA, DESTINO E IDADE

Coas últimas incorporacións do ano 2007, nas que se cubriron prazas das categorías de inspector, subinspector e de policía, e as baixas do ano 2010, elévase a presenza de mulleres na UPA a 36.





Como consecuencia da falta de incorporación de novos funcionarios destes últimos anos a idade media dos que ten a Unidade incrementouse





7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

7.1.- POLICÍA XUDICIAL

7.2.- MENORES DESAPARECIDOS

7.3.- POLICÍA ADMINISTRATIVA

7.3.1. INFORME PLADIGA

7.3.2. XACOBEO 2010

7.3.3 EQUIPO RESPONSA POLICIAL (ERPOL)

7.4.- POLICÍA DE SEGURIDADE

7.4.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

7.4.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

7.5.- APOIO A INSTITUCIÓN

7.6.- RELACIÓN COA COMUNIDADE

7.- ESTATÍSTICA E DATOS ACUMULADOS

Como continuación ás memorias de anos precedentes preténdese neste punto ofrecer unha perspectiva da evolución experimentada polo traballo da UPA durante o ano 2010. A tal efecto valóranse os datos estatísticos mensuais acumulados diferenciando segundo sedes da UPA, a Xefatura en Santiago de Compostela, as catro provinciais e a local de Vigo.

Tendo en conta que as funcións a desenvolver pola UPA son as previstas no artigo 38.1 da Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corps de Seguridade, os datos estatísticos que se presentan reflicten, sobre todo, aspectos propios dunha policía administrativa, aínda que tamén se fai mención dalgunhas funcións propias de policía xudicial.

A estatística elaborada é resultado da cuantificación acumulada mensualmente no ano 2010 e comprende os parámetros que a continuación se reflicten.

7.1.- ACTIVIDADE UPA

No seguinte cadro reflíctense toda a actividade realizada pola UPA no pasado ano 2010 diferenciada por incidencias rexistradas, tanto en materia administrativa como xudicial (atestados policiais).

ACTIVIDADE DA UPA			
incidencias rexistradas			
Atestados	133	Fugas Familia	10
Auxilio Humanitario	148	Identificacións	54632
Citacións	187	Inf.Placas	4496
Colaboracións	306	Informes	2373
Contactos	3872	Inspeccións	10742
Contravixilancias	11617	Notas Informativas	414
Controis	829	Oficios	4745
Denuncias	2524	Patrullas	20933
Detidos	90	Reintegros	359
Dispositivos	3820	Traslados	944
Fugas Centros	317	Visitas Albergues	1578


Policía Xudicial

No apartado de policía xudicial, destacan os 133 atestados tramitados e remitidos á autoridade xudicial por diversas materias.

Destacan os 49 tramitados en temas de menores por delitos de quebrantamento da orde de custodia, contra as relacións familiares e malos tratos intrafamiliares, 60 en materia de incendios forestais (Lei 3/2007 Incendios Forestais, Lei 43/2002 Montes), 2 en violencia de xénero (malos tratos intrafamiliares), 2 en gandería (Lei 1/1993 Protección Animais Domésticos).

ATESTADOS 2010


■ Santiago ■ A Coruña ■ Lugo ■ Ourense ■ Pontevedra ■ Vigo



A tramitación dos atestados supuxo a detención de 90 persoas a maioría delas por temas de menores, incendios forestais, e relacionados coa actividade do furtivismo.

DETIDOS 2010

■ Santiago ■ A Coruña ■ Lugo ■ Ourense ■ Pontevedra ■ Vigo



Sinalar que se facilitan ás respectivas Comisarías do Corpo Nacional de Policía as copias dos atestados tramitados.

ACTIVIDADE UPA POR XEFATURAS						
	Santiago	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Atestados	57	18	2	14	14	28
Auxilio Humanitario	37	26	15	21	13	36
Citacións	12	12	9	11	17	126
Colaboracións	68	78	20	57	13	70
Contactos	2459	290	320	26	218	559
Contravixilancias	1741	849	319	954	2532	5222
Controis	60	95	194	278	167	35
Denuncias	518	286	549	430	570	171
Detidos	35	12	1	12	8	22
Dispositivos	2495	181	406	249	185	304
Fugas Centros	2	20	65	130	43	57
Identificacións	26380	1834	16895	2332	4850	2341
Inf.Placas	1573	587	343	566	492	935
Informes	193	484	197	526	438	535
Inspeccións	1143	1079	2191	3024	1166	2139
Non Reintegro	1	4		2	1	24
Notas Informativas	85	64	13	76	54	122
Oficios	266	2384	707	252	370	761
Patrullas	6548	3185	2130	2452	3491	3127
Reintegros	34	46	39	134	15	91
Traslados	52	269	54	414	68	87
Visitas Albergues	250	35	349	167	232	545


7.2.- MENORES

No ano 2010 denunciáronse nas dependencias da UPA 333 desaparicións de menores.

Das denuncias tramitadas nas dependencias da U.P.A., 328 foron formuladas

polos Centros onde estaban acollidos os menores e 5 polos seus familiares.

Ao longo do ano realizáronse un total de 932 traslados de menores por diferentes motivos (reintegros, a centros de menores, fiscalía, requirimento de CNP, colexios, visitas médicas).



Menores	Santiago	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Atestados	27	10	1	1	2	8
Citacións		2	9	10	4	83
Colaboracións	8	11	3	4	1	2
Contactos	468	74	65		81	18
Controis		1	4	100	4	
Detidos	2	4	1	2	3	6
Dispositivos	315	3		40	84	22
Fugas Centros	2	20	64	128	37	57
Fugas Familia				5		
Identificacións	49	146	50	153	33	29
Inf.Placas	4	6		6	10	1
Informes	30	259	71	154	137	219
Inspeccións	30	295	18	119	399	1100
Non Reintegro	1	4				24
Notas Informativas	45	1	3		2	3
Oficios	95	61	174	223	130	389
Patrullas	433	500	242	426	221	432
Reintegros	30	46	39	130	15	88
Traslados	41	269	54	411	67	86


7.3.- POLICÍA ADMINISTRATIVA

ACTUACIÓNS, ACTIVIDADE DA UPA POR MATERIAS

Canteiras	2	Protección VIP`s	7130
Caza	877	Recursos Mariños	2044
Concentracións	523	Saúde Pública	482
Control Queimas	466	Seguridade	6336
Costas	27	Talas	93
Encerros	37	Touros	137
Famillia	15	Transporte	291
Gandaría	205	Urbanismo	3890
Incendios	10427	Verteduras	2239
MAN	10773	Violencia Xénero	42
Manifestacións	137	Xestión	4933
Menores	9814	Xogo	6
Patrimonio	697		
Protección	59		

As actuacións da UPA na súa función de "*inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma, denunciando toda actividade ilícita*", supuxeron a práctica de 10742 inspeccións e deron como resultado a tramitación de 2524 actas/denuncias.

Os eidos nos que se realizan estas actuacións abranguen sectores tan variados como a **protección de menores**, **protección do medio natural**, a **sanidade animal**, **sanidade vexetal**, **transportes**, **urbanismo**, **saúde pública**, etc. e, en particular, o **control da actividade de tinturarias**, **talleres** e a **xestión dos seus residuos**; a **inspección de establecementos comerciais de produtos fitosanitarios**, **transporte de gando**, **protección do patrimonio**, etc.




É de destacar de xeito singular a actividade preventiva na loita contra os incendios forestais, mediante a distribución de zonas de vixilancia especial en razón dos históricos de interese, que presenta un alto nivel de eficacia a vista dos resultados acadados.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	VIGO
Denuncias	286	549	430	570	518	171

Entre os 2524 feitos denunciados, destacan as 889 por distintas infraccións contra o **medio ambiente natural**, 58 en temas de **patrimonio**, as 108 en **recursos mariños**, 29 en **saúde pública**, 309 en **verteduras**, 218 en **incendios**, as 40 de **gandería**, 344 en asuntos relacionados co **furtivismo**, 68 en **caza** e as 68 en temas relacionados cos **Camiños de Santiago**.

DENUNCIAS	Santiago	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	TOTAIS
MAN	37	54	163	195	387	53	889
PATRIMONIO	2	8	20	7	12	9	58
RECURSOS MARIÑOS	36	34	19			19	108
SAUDE PUBLICA		1	16	7		5	29
VERTEDRUAS	24	102	7	122	3	51	309
FURTIVISMO	335	9					344
CAZA		6	27	34	1		68
CAMIÑOS	20		46	1		1	68
INCENDIOS	8	7	58	47	88	10	218
GANDARÍA	8		26	2	1	3	40

Debe subliñarse que a UPA realizou durante o 2010 un total de 2482 inspeccións na defensa do medio natural, que tiveron como resultado un total de 889 actas denuncia.



	INSPECCIÓN	DENUNCIAS
INCENDIOS	1231	218
MAN	2482	889
MENORES	1961	9
PATRIMONIO	214	58
RECURSOS MARIÑOS	186	108
TRANSPORTE	63	12
URBANISMO	1065	254
VERTEDURAS	1080	309

Dentro dos grupos de investigación destaca o traballo desenvolvido polos distintos grupos adicados aos labores de prevención e investigación de incendios forestais na UPA, labores desenvolvidas no só durante a vixencia do PLADIGA, senón durante todo o ano.

7.3.1.- INFORME PLADIGA

A continuación preséntase un **breve resumo do traballo desenvolvido por estes grupos durante a vixencia do PLADIGA 2010**



Continuando o labor desenvolvido nos últimos anos na loita contra os incendios forestais recollida no plan INFOGA, o Consello da Xunta deu o seu visto e prace á edición de 2010 do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2010). O documento ten por obxecto, segundo recolleu nos seus fundamentos, “o establecemento da organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos” previstos por diversas administracións públicas e entidades privadas para a loita contra o lume nos montes.

O obxectivo fundamental do Pladiga 2010 era acadar unha diminución do número de lumes e a superficie afectada por baixo da media rexistrada nos últimos dez anos. Entre as novidades para este ano, inclúe varios plans independentes e específicos para prevención; detección, disuasión e investigación; extinción e formación.




O Plan de loita contra incendios forestais en Galicia (Pladiga) prevé cada ano a colaboración específica do persoal da UPA, en tarefas tanto relativas á prevención de lumes como á posterior investigación deles, de xeito que se poidan deter as persoas que aparezan como as súas autoras.

O informe presentado en Consello da Xunta sobre os resultados do Pladiga 2010 destaca a actuación satisfactoria e eficaz da Unidade de Policía Adscrita na loita contra os lumes forestais pese ao descenso paulatino que vén sufrindo no seu número de efectivos desde o ano 2007.

PATRULLAS INCENDIOS PLADIGA 2010		
	PREVENCION	INVESTIGACIÓN
SANTIAGO	431	134
A CORUÑA	269	117
LUGO	330	108
OURENSE	426	132
PONTEVEDRA	384	130
VIGO	292	31



Así, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2010 -o núcleo temporal de maior interese do Pladiga-, a Unidade realizou 652 patrullas de investigación e 2.132 de prevención; 931 identificacións de persoas, 1.163 identificacións de vehículos; e case 1.900 entrevistas, ben sexa a persoal forestal ou a outros corpos que actúan na loita contra os lumes no monte galego.



Actividades de prevención

É para destacar que as actividades de prevención, tales como patrullas, identificacións de persoas e vehículos ou a colaboración con outros corpos, teñen un efecto real na minoración do número de lumes, evitando en moitos casos que teñan que actuar os servizos de extinción de incendios da Xunta de Galicia.

O operativo especial, deseñado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, contou con 187 efectivos, fronte aos 280 axentes con que se traballaba no ano 2007, os 203 de 2008 e os 194 do ano pasado.


No PLADIGA participaron os funcionarios da Unidade, tanto en labores de prevención como de investigación de incendios forestais:

EFFECTIVOS DA UPA NO PLADIGA 2010


	STGO	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PNTVDRA	VIGO	TOTAL
EFFECTIVOS PERMANENTES INVESTIGACIÓN 2010	6	4	4	4	6	2	26
EFFECTIVOS PERMANENTES PREVENCIÓN 2010	12	12	10	18	16	8	76
INCREMENTO EFFECTIVOS INVESTIGACIÓN PLADIGA	0	0	0	1	1	1	3
INCREMENTO EFFECTIVOS PREVENCIÓN PLADIGA	6	2	2	3	2	7	22
REFORZOS INVESTIGACIÓN PLADIGA POR URXENCIA	2	0	0	1	1	2	6
REFORZOS PREVENCIÓN URXENCIA	22	6	8	8	4	6	54
	48	24	24	35	30	26	
	TOTAL EFFECTIVOS						187


Detidos

Nesta campaña houbo 25 persoas detidas, das cales 10 foron por incendios intencionados (40%) e as outras 15 por imprudencias.




Comparativa detidos 2009/2010






10 detidos por incendio intencionado, 15 por incendio imprudente





Perfil detidos por idades

O éxito, como consta no informe presentado en Consello, da campaña de loita contra incendios forestais en Galicia, deste verán vén motivado polo aumento das actuacións de prevención -patrullas, identificacións de persoas e vehículos, denuncias por queimas, etc.-; polo incremento de actividades relacionadas coa investigación de lumes -entrevistas, dilixencias e investigacións de perfís de presuntos autores- e polo importante aumento no número de persoas detidas como responsables, que nesta edición foi sensiblemente superior ás dos últimos anos.

Atestados remitidos pola Unidade á autoridade xudicial



Durante a vixencia do PLADIGA realizáronse as seguintes identificacións





Seguindo o **PLADIGA**, a UPA, desenvolveu as tarefas que se reflicten na seguinte táboa:


ACTIVIDADE DA UPA DURANTE O PLADIGA 2010

	SANTIAGO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	VIGO	TOTAL
PATRULLAS INVESTIGACIÓN	134	117	108	132	130	31	652
PATRULLAS PREVENCIÓN	431	269	330	426	384	292	2132
IDENTIFICACIÓN PERSONAS	181	158	156	272	91	73	931
IDENTIFICACIÓN VEHÍCULOS	287	299	134	204	109	130	1163
ENTREVISTAS OUTROS CORPOS	47	3	7	53	18	50	178
ENTREVISTAS PERSOAL FORESTAL	264	57	43	116	42	45	567
OUTRAS ENTREVISTAS	329	61	171	455	68	69	1153
COLABORACIÓN OUTROS CORPOS	17	11	3	17	15	20	83
COLABORACION PERSOAL FORESTAL	42	12	5	36	21	19	135
OUTRAS COLABORACIÓNS	3	5	1	5	3	3	20
DENUNCIAS POR QUEIMAS	1	3	4	2	1	1	12
OUTRAS DENUNCIAS	0	2	0	15	8	1	26
DILIXENCIAS REMITIDAS	14	2	0	5	9	1	31
INFORMES REMITIDOS	2	2	38	0	92	4	138







Incendios, e superficie queimada nas parroquias de especial vixilancia asignadas á UPA






Incendios esclarecidos pola Unidade



Entrevistas durante a campaña

Colaboracións durante a campaña





As investigacións levadas a cabo determinaron as franxas horarias de maior incidencia de incendios forestais

7.3.2 DISPOSITIVO DE COLABORACIÓN DA UPA CON MOTIVO DO XACOBEO 2010

Elaborado pola Unidade, supuxo un incremento notable nos dispositivos de seguridade desenvolvidos tanto nos numerosos actos xubilares, como na protección dos distintos Camiños de Santiago e os seus peregrinos.

Todo iso requiriu inevitablemente un esforzo tamén notable no apartado de recursos humanos e materiais co obxectivo de mellorar a celebración pacífica e ordenada do Ano Santo Compostelán, así como garantir a liberdade e seguridade de residentes e visitantes e evitar posibles condutas delituosas.



As actuacións e os recursos da Unidade dirixíronse a potenciar a seguridade e a protección nos seguintes ámbitos: desprazamentos dos peregrinos, actos institucionais, culturais, sociais e deportivos, visitas de autoridades; actuacións delitivas. Tratouse de garantir unha resposta adecuada, rápida e coordinada cos demais operadores institucionais ante calquera emerxencia.

O dispositivo estableceu tres fases, sendo o punto álxido os meses de xullo, agosto, setembro e decembro, nos que se potenciou a patrullaxe do Camiño, establecéndose con carácter permanente nas principais rutas e aumentando a presenza policial nas restantes.

Dende o comezo do ano e ata a Semana Santa se iniciou o recoñecemento das rutas principais, con especial atención aos camiños Francés e Portugués, con patrullas que percorreron periodicamente os itinerarios. Entre Semana Santa e xuño, así como en outubro e novembro, se incrementaron os percorridos e as patrullas, despregándose nos meses de verán e en decembro a totalidade do operativo.

A coordinación do Plan a nivel interno efectuouse a través da Sala de Coordinación da Unidade en Santiago, cun servizo ininterrompido durante as vinte e catro horas, centralizando todas as comunicacións e incidencias.

Outra das liñas do plan foi a implantación e validación dun sistema de seguridade integral en grandes áreas de aloxamento relacionadas coa Xunta e os Camiños de Santiago, levando a cabo diferentes actuacións na base de identificar a situación, configuración de grandes centros de aloxamento e identificar os operadores institucionais.



As nosas patrullas prestaron especial atención aos albergues da ruta asignada, en particular nas épocas de maior ocupación, solicitando información das persoas encargadas deles, atendendo e tramitando as denuncias que formularon. Durante o dispositivo, e pola súa relevancia, o albergue do Monte do Gozo, en Santiago, cunha capacidade para 2.768 prazas, tivo un tratamento singularizado no que á cobertura de seguridade se refire.

ACTIVIDADE XACOBEO 2010							
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	VIGO	SANTIAGO	TOTAIS
<i>Auxilio Humanitario</i>	3	11	3	1	3	10	31
<i>Colaboracións</i>	3	1	35		42	1	82
<i>Contactos</i>	100	10		35	24	36	205
<i>Controis</i>	2	96	72	4			174
<i>Denuncias</i>		47	2	2	1	21	73
<i>Dispositivos</i>		1				2	3
<i>Identificacións</i>	828	15253	196	4446	1336	23964	46023
<i>Inf.Placas</i>	3	7	1		174		185
<i>Informes</i>	2	2	1	5	12	2	24
<i>Inspeccións</i>	3	84		9	177	7	280
<i>Notas Informativas</i>				5	1		6
<i>Oficios</i>	5	16		3	15	10	49
<i>Patrullas</i>	156	584	269	433	482	555	2479
<i>Visitas Albergues</i>	35	349	167	229	545	252	1577
	1140	16461	746	5172	2812	24860	51191

7.3.3 EQUIPO DE RESPUESTA POLICIAL

Durante o ano 2010, e tras a súa ampliación, o ERPOL(Equipo de Resposta Policial) conta con 22 funcionarios distribuídos en tres equipos operativos e un equipo de mando dirixido por un Subinspector experto en labores de coordinación e mando de grupos de intervención policial, que son os que utiliza a Dirección Xeral da Policía en labores de orde publico, control de masas,

espectáculos públicos, operativos de protección de Casa Real e Presidencia do Goberno e outros.



Persoal de ERPOL durante unhas practicas de tiro

A partires deste momento este grupo preparouse especificamente para o desempeño dos labores propias, no referente ás competencias da Unidade, na protección de personalidades, apoiando ao servizo de escoltas propio do Presidente da Xunta naquelas circunstancias que o aconsellen e en diversos servizos que requiren da súa actividade, sendo o grupo que se encarga da loita contra o furtivismo apoiando todos os requirimentos da Consellería do Mar.



Ademais debe velar polo normal funcionamento das institucións da Comunidade Autónoma, así como a seguridade como consecuencia de eventos ou actos, tales como manifestacións, concentracións, peches de persoas en edificios públicos etc, que os

poidan perturbar dispendo para iso dos medios adecuados para actuar no caso de que así fose necesario e cando as autoridades das cales se depende funcionalmente así o requiran.

Conxuntamente coa Consellería do Mar, concretamente a Subdirección Xeral de Gardacostas da Xunta de Galicia, este grupo participa en numerosos dispositivos para tentar paliar, na medida do posible, o furtivismo nas distintas zonas do litoral galego incidindo na salvagarda e protección dos recursos mariños e dar seguridade aos Axentes Gardacostas, todo iso realizado tanto desde terra como desde o mar nas distintas embarcacións da Xunta de Galicia empregando os medios propios da Unidade e tamén as embarcacións pertencentes ao servizo marítimo da Consellería do Mar.



Persoal de ERPOL embarcado co Servizo de Gardacostas

Durante o verán realízanse patrullas en prevención de incendios forestais ao longo de toda a xeografía galega dentro do plan contra incendios da Xunta de Galicia “PLADIGA”, realizando cando correspondía as primeiras actuacións para

o esclarecemento dos mesmos e prestando colaboración tanto ás unidades de extinción como ás persoas afectadas polos incendios.

Outros servizos que asumiu o pasado ano ERPOL foron os dispositivos de seguridade con motivo de festexos taurinos nas prazas de touros das cidades galegas da Coruña e Pontevedra, dentro das competencias transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao longo do ano prestouse colaboración en servizos conxuntos así ordenados pola superioridade tanto en prevención de feitos delituosos, como en actos oficiais e puntualmente na realización de actividades propias da aplicación da Lei de Protección da Seguridade Cidadá no lugar, dentro da xeografía galega, que se determine, xa que logo a complexidade dos mesmos necesita persoal especializado.

GRUPO ERPOL	
- SERVIZOS ENCOMENDADOS	
Seguridade e protección do Sr. Presidente e outras personalidades	179
Seguridade Consellos de Goberno e actos no Parlamento de Galicia	99
Patrullas preventivas de seguridade e protección	323
Dispositivos en manifestacións e concentracións	71
Despregamentos operativos	83
Desaloxos	8
Lanzamentos	3
Apoios a CNP e outros corpos de seguridade	10
Patrullas preventivas de incendios forestais	94
Servizos humanitarios	14
Dispositivos de seguridade en prazas de touros	12
APOIOS A CONSELLERIA DO MAR	
Operativos de pesca	84



SERVIZOS EXTRAORDINARIOS	
Festival de Ortigueira	3
Botellón Lugo	3
Festas do Apóstolo	1
Botellón Cervo	2
Incendios	2
Silleda	1
Touros	3
Vigo.	1
Visita da súa Santidade o Papa	1
OUTROS	
Identificados	1416
Trasladados a comisaría	47
Denuncias tramitadas	413
Inspeccións	70
Vehículos rexistrados	498
Embarcacións inspeccionadas	86
Vehículos e embarcacións incautados	27
Marisco e peixe incautado	5783 q
Ferros de poliespan	176
Traxes de neopreno	110
Ancións e sachos	281
Arneses	33
Nasas	107
Outros útiles	45
Cubos	302
Equipos completos autónomos de mergullo	5



7.4.- POLICÍA DE SEGURIDADE

Durante o ano 2010 desenvolvéronse en toda Galicia mobilizacións cidadás - manifestacións, concentracións e peches- por mor de conflitos que afectaron ás competencias da Xunta de Galicia e ás súas dependencias. Ademáis, do seu seguimento constante, en máis de 250 delas foi necesaria a presenza de membros da UPA incluso naquelas nas que non existía unha previa comunicación da Autoridade Governativa.

Participación en concentracións

Concentracións	
Contravixilancias	9
Controis	3
Dispositivos	199
Identificacións	82
Inf.Placas	6
Notas Informativas	137
Patrullas	85

Participación en encerros

Encerros	
Atestados	1
Dispositivos	15
Identificacións	17

Participación en manifestacións

Manifestacións	
Contravixilancias	5
Dispositivos	34
Identificacións	5
Inf.Placas	4
Informes	2
Inspeccións	3
Notas Informativas	48
Patrullas	26

Os dispositivos de seguridade establecidos nos distintos edificios da Xunta de Galicia lograron que todas as mobilizacións se desenvolvesen en condicións que garantiron o normal funcionamento das institucións, ao disuadir, se fose o caso, aos participantes de toda intrusión hostil e da ocupación dos edificios oficiais.

As previsións de conflitividade elabóranse coa colaboración da Xefatura Superior de Policía de Galicia, que facilita á UPA diariamente a información pertinente.

No ano 2010, incrementábase a colaboración da UPA coas restantes forzas e corpos de seguridade, participando de xeito regular e conxunto coas distintas Comisaría Provinciais e Locais en todo tipo de dispositivos establecidos para garantir a seguridade cidadá.

Por outra banda, e no ámbito da seguridade cidadá, as actividades da UPA, materializáronse en dispositivos e en patrullas, -dinámicas e estáticas-, e nos apoios con patrullas ordinarias ás actividades das distintas consellerías

7.4.1.- PROTECCIÓN ESTÁTICA

Neste aspecto destacan os dispositivos de seguridade e as patrullas de seguridade estática en instalacións policiais e da Xunta de Galicia.

Seguridade	
Auxilio Humanitario	7
Colaboracións	17
Comisos	197
Contactos	2
Contravixilancias	4057
Controis	147
Denuncias	16
Detidos	1
Dispositivos	584
Identificacións	80
Inf.Placas	143
Inspeccións	9
Notas Informativas	18
Oficios	5
Patrullas	1289

7.4.2.- PROTECCIÓN DINÁMICA

Efectúanse un importante número de dispositivos e patrullas, ordinarios e extraordinarios, para dar servizo ao presidente da Xunta de Galicia, conselleiros e conselleiras, á presidenta do Parlamento de Galicia, así como aos visitantes ilustres nas súas estadias como invitados da Xunta de Galicia.

Protección VIP`s	
Colaboracións	2
Contactos	35
Contravixilancias	5359
Controis	33
Denuncia	3
Dispositivos	700
Identificacións	76
Inf.Placas	459
Inspeccións	7
Oficios	2
Patrullas	613

O ano 2010 foi pródigo en actos institucionais e culturais (Xacobeo 2010) e en visitas oficiais á nosa Comunidade Autónoma (O Papa). Por parte da UPA participouse, en colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade, na protección persoal e na seguridade das autoridades e personalidades -os convidados da Xunta de Galicia- que, en visita oficial, se achegaron a Santiago de Compostela e accederon ás instalacións e dependencias institucionais.

Entre os prestados, merecen ser destacados pola súa relevancia os servizos e operativos realizados con ocasión da visita de membros da Casa Real, do presidente do Goberno, ministros, presidentes de países estranxeiros, autoridades comunitarias, autoridades dos distintos parlamentos europeos e en reunións ministeriais. Como consecuencia incrementáronse notablemente as tarefas de contra vixilancia.

Sinalar que se realizaron tarefas de contravixilancia arredor de diferentes personalidades como consecuencia da actividade terrorista.


7.5.- APOIO A INSTITUCIÓNS

En apoio a tarefas de distintas consellerías, a UPA estableceu durante o ano 2010, un amplo número de dispositivos, entendidos estes como servizos planificados especificamente, estables e que alcanzan a tres ou máis funcionarios. Estas actividades policiais concrétnanse, fundamentalmente, en labores de apoio a maior parte das Consellerías da Xunta de Galicia.

7.6.- RELACIÓNS COA COMUNIDADE

É consubstancial á actividade policial o mantemento de relacións fluídas e continuadas coa sociedade á que serve e coas institucións que a representan. Dende a UPA, dentro do seu ámbito competencial e das específicas funcións que ten encomendadas, pretendeuse incrementar os contactos coa cidadanía, abríndose a calquera información que lle puidesen facilitar, e consecuentemente na súa relación coas autoridades, institucións e entidades, para un incremento na calidade dos servizos policiais e da súa percepción polos administrados.

CONTACTOS UPA						
TOTAIS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo
3872	290	320	26	218	2459	559



Durante o ano 2010 mantivéronse encontros con autoridades xudiciais e Ministerio Fiscal, incrementáronse notablemente os contactos cos responsables dos servizos sociais dos concellos, pola súa inmediata implicación nas investigacións efectuadas nos eidos da violencia intrafamiliar e menores.

Todo isto incide nun maior número de referencias nos medios de comunicación social e, indirectamente, no grao de coñecemento que a sociedade galega ten da Unidade.

Nesta liña enmárcanse as visitas efectuadas por funcionarios uniformados a centros docentes, garderías, servizos sociais dos concellos, nos contactos con diferentes colectivos cidadáns e, sen dúbida, nos servizos humanitarios que se prestaron.

Neste senso é de subliñar a continua participación dos membros da UPA en coloquios, reunións,



entrevistas, así como a súa actividade docente, colaborando con distintas institucións públicas e privadas, como son a Universidade de Vigo e a Academia Galega de Seguridade Pública.



Na Academia Galega de Seguridade Pública, organismo autónomo adscrito á consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, impártense en cursos e xornadas un número importante de materias relacionadas coa actividade da UPA, como son as de seguridade, protección e medio ambiente.



8.- XESTIÓN DE RECURSOS

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

8.2.- DISPOSITIVO DE COMUNICACION E MOBILIDADE

8.3 AVL (XESTIÓN DE FLOTAS)

8.- XESTIÓN DE RECURSOS

A xestión dos recursos e a busca da súa optimización, pode ser considerada dende dúas perspectivas fundamentais: a xestión técnica e a xestión de persoal.

8.1.- XESTIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

Documentación:

En todas as sedes da UPA rexistráronse preto de 24.000 entradas e aproximadamente igual número de rexistros de saída; superáronse as 60.000 consultas ás bases de datos da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Arquivo:

Polo importante número de documentación que se manexa é salientable o labor de arquivo, desenvolvéndose a cotío as funcións que son propias a tal actividade.

Automoción:

Na actividade policial o uso de vehículos de todo tipo é fundamental; constituíndo unha área de especial importancia, tanto polo custo que supón a súa adquisición e o combustible, como polas tarefas de mantemento do parque móbil para garantir as axeitadas condicións de seguridade e, mesmo, de imaxe institucional.





Na continua renovación do parque móbil da UPA, que na actualidade conta con 103 vehículos, durante o ano 2010, máis seis vehículos cedidos pola Consellería de Medio Rural que fan labores de prevención e investigación de incendios.

No pasado ano só se adquiriu unha furgoneta para o grupo de ERPOL.



Comunicacións:

Sendo conscientes da súa grande importancia na actividade policial e do constante dinamismo por mor dos continuos avances das novas tecnoloxías, neste eido é de destacar o relativo ao SIRDEE, tal e como, en síntese, se expón a continuación:

Neste ano 2010 continuou a integración da UPA de Galicia no Programa SIRDEE (Sistema de Radiocomunicacións Dixitais de Emerxencias do Estado), como consecuencia do Convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, de 24 de xullo de 2006.

8.2.- DISPOSITIVO DE COMUNICACIÓN E MOBILIDADE

A UPA conta con 65 dispositivos de comunicación e mobilidade Samsung Q1 Ultra, pioneiros en toda España, que permiten a comunicación e integración con outros sistemas, o tratamento de datos, a navegación guiada e o acceso a bases de datos de interese para a información policial.



Dunha banda, os dispositivos posibilitan a comunicación e integración con outros sistemas como a conectividade a redes para a transmisión de datos en tempo real - por redes wifi ou LAN ou por conectividade móbil UMTS ou GRPS. Deste xeito os funcionarios da Unidade poderán acceder ao correo electrónico, á intranet da Xunta e da Policía, etc.

Doutra banda, estes aparellos facilitan o labor diario dos policíaos ao permitir o tratamento de datos como é o caso da tramitación de documentos dende calquera lugar. Deste xeito, poderase cubrir, enviar e imprimir o parte de servizo e outras instancias; acceder á relación de actas e atestados, etc.

Ademais, o sistema de navegación guiada por software que incorporan estes dispositivos facilita os recorridos entre poboacións e incluso pode usarse en “campo a través” –fóra de estradas e camiños- proporcionando toda a dotación policial de rumbo, velocidade, distancia, altitude e demais datos necesarios. Do mesmo xeito, ofrece a posibilidade de enviar e de recibir entre dispositivos as rutas feitas en tempo real ou as previamente elaboradas, facilitando así a orientación das dotacións policiais cando sexa preciso.



Tamén se permite o acceso a bases de datos de interese para os axentes e que se usan con frecuencia nas investigacións policiais como, por exemplo, o Catastro, o SixPac ou o Sistema Integrado de Actuación Policial

(SIAPOL).

Estes dispositivos (DCM) levan GPS integrado con cartografía da Unión Europea, módem de comunicación de banda ancha a través de UMTS e tamén de GPRS - co cal pode conectarse cando non hai cobertura UMTS - e con tecnoloxía 3G, sistema operativo Microsoft Windows Vista Premium, navegador de Internet, pantalla táctil de 7 polgadas e un acceso directo ao SIAPOL. Tamén inclúen dúas minicámaras fotográficas integradas, unha traseira de 1,3 megapíxeles e outra frontal de 0,3, cámara de vídeo que permite a videoconferencia, gravadora de voz e dispositivo bluetooth, que permite traballar con datos doutros aparellos xa utilizados na UPA como os GPS dos grupos de Incendios e Medio Ambiente.

Trátase de aparellos de última xeración, lixeiros (0,70 kg.) e de tamaño reducido (22,7 cm. x 13 cm.) para que, ademais de ser aptos para todos os vehículos policiais, os axentes poidan levalo con eles cando se despracen a pé.

Informática:

A UPA, dado o extenso ámbito xeográfico de actuación e a súa descentralización territorial en distintas sedes, unido á propia función policial, demanda un sistema integral tanto para a xestión e organización como para as intercomunicacións e o transvasamento de información. A natureza e dinámica do traballo policial,

tanto nos seus operativos como na súa xestión, esixe ademais dun áxil manexo, un tratamento seguro de todo tipo de datos, na súa maioría de especial protección.

O Gabinete Técnico, con dependencia directa da Xefatura de Unidade continúa traballando no deseño dun proxecto de informatización, que permita traballar a toda unidade nun sistema único e integral.

Como as restantes unidades da Xunta de Galicia a UPA conta con enderezos electrónicos baixo o dominio @xunta.es.

Xefatura Unidade	galipol.xefatura@xunta.es
Secretaría Xeral	galipol.secretaria@xunta.es
Gabinete Técnico	gabinete.galipol@xunta.es
Sala de Coordinación	galipol.sala@xunta.es
Xefatura de A Coruña	galipol.xpco@xunta.es
Secretaría A Coruña	galipol.spco@xunta.es
Xefatura de Lugo	galipol.xplu@xunta.es
Secretaría Lugo	galipol.splu@xunta.es
Secretaría Ourense	galipol.spou@xunta.es
Xefatura de Ourense	galipol.spou@xunta.es
Xefatura de Pontevedra	galipol.xppo@xunta.es
Secretaría Pontevedra	galipol.sppo@xunta.es
Xefatura de Vigo	galipol.xlvi@xunta.es
Secretaría Vigo	galipol.slvi@xunta.es

Formación:

No ano 2010 desenvolvéronse un importante número de cursos relacionados coa actividade policial, o que permitiu a actualización e perfeccionamento dos funcionarios nos labores que teñen asignados; o que amosa un considerable esforzo dos membros da Unidade neste campo, xa que bo número deles participaron en máis dun curso, destacando entre outros:

CURSOS	PRAZAS
<i>BASICO DE PRIMEIROS AUXILIOS FEBREIRO 2010</i>	27
<i>VIOLENCIA DE XENERO FEBREIRO 2010</i>	38
<i>CURSO DE TRANSPORTES MARZO 2010</i>	24
<i>XORNADA SOBRE OPERATIVA POLICIAL NA INSPECCION AMBIENTAL</i>	46
<i>JORNADAS "LA CIENCIA AL SERVICIO DE LA INVESTIGACION CRIMINAL"</i>	10
<i>URBANISMO ABRIL-MAIO 2010</i>	5
<i>II CURSO DE PROTECCION MEDIOAMBIENTAL</i>	6
<i>CURSO SUPERIOR DE INVESTIGACION DE INCENDIOS FORESTAIS 2010</i>	28
<i>CURSO UPR (ERPOL)</i>	12
<i>CURSO BASICO INVESTIGACION INCENDIOS FORESTAIS NOV.2010</i>	27
<i>II Curso UPR (ERPOL)</i>	13
<i>XORNADA SOBRE CONTROL DA SEGURIDADE ALIMENTARIA E SANIDADE ANIMAL</i>	27
<i>XORNADAS SOBRE REFORMA DO CODIGO PENAL LEY ORG. 5/2010</i>	23

No campo da formación cabe destacar tamén os cursos específicos impartidos pola AGASP en materia de urbanismo, transportes e medio ambiente.

EQUIPO DE TIRO POLICIAL

Cumpriuse na súa totalidade o Plan Nacional de Tiro previsto pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.

Persoal de ERPOL facendo practicas de tiro



Durante o ano 2010, os integrantes do Equipo de Tiro da Unidade Adscrita a Galicia, participaron en diferentes competicións e modalidades de tiro, alcanzando meritorias clasificacións, así como o **Campionato de España de arma longa na modalidade de groso calibre.**





Respecto ao tiro con pistola, na modalidade de percorridos de tiro (IPSC), contamos co actual campión autonómico na categoría de produción, tamén destacar meritorias posicións no Open Galego, Campionato de Asturias , Copa Ourense, Trofeo Vila das Pontes etc





9.- OBXECTIVOS PARA O ANO 2011

9.- OBXECTIVOS PARA O ANO 2011

En materia de investigación establécense os seguintes obxectivos

Potenciar a colaboración coas distintas Consellerías e Unidades Directivas da Xunta de Galicia, especialmente naquelas áreas que se precise do concurso do persoal da UPA en tarefas de inspección, investigación, protección ou apoio operativo, nos seguintes apartados:

Actividades de investigación medioambiental e colaboracións coa consellería de Medio Ambiente:

- * Investigación en distintos concellos de Galicia sobre o incumprimento da normativa na recollida selectiva de **residuos sólidos urbanos (RSU)**
- * Investigación no sector da distribución de **pneumáticos** para fiscalizar un posible fraude no tratamento de pneumáticos usados importados sen abonar a ecotaxa.
- * Elaboración dun censo de puntos de **vertidos** incontrolados (PVI) en Galicia.
- * Seguimento sobre o tratamento dado aos **lodos** para uso agrario procedentes dos Edares e da Industria agroalimentaria.
- * Investigación do destino dado aos residuos de construción e demolición **RCD's**.
- * Investigación do tratamento dado aos residuos de **plásticos agrarios**.



- * Inspección de **talleres** (control documental e tratamento de residuos).

- * Control e vixilancia de **augas** continentais e costeiras: verteduras industriais, puríns, captacións.

- .

Actividades de investigación en sanidade animal e colaboracións coa consellería de Medio Rural:

- * Actividade inspectora en **Feiras e Mercados** de gando, en colaboración cos servizos veterinarios da xunta de Galicia.

- * Actividade de inspección do **transporte animal** para supervisión do cumprimento da normativa en materia de benestar animal, identificación do gando e movementos pecuarios.

- * Control dos transportes de residuos de **subproductos animais** non destinados ao consumo humano (Sandach).

- * Inspección de establecementos distribuidores de produtos **Fitosanitarios**: venda de medicamentos e produtos destinados á sanidade animal, xestión e control dos produtos e aplicación de produtos tóxicos.

- * Campañas de controis de venda e transporte da **uva** de vinificación e pataca de semente.

- * Vixilancia con especial atención aos danos producidos á cabana de **gando mostrenco**. A consellería elabora na actualidade normativa para ordenamento do sector.

Pladiga, precampaña e campaña de incendios:



* Actividade preventiva: patrullas de vixilancia en zonas forestais, con especial atención ao control de queimas, talas, plantacións, cambios de cultivos, seguimento de zonas queimadas...

* Actividade **investigadora**: inspeccións oculares, captación de información, contactos cidadáns, colaboración e coordinación cos responsables dos Distritos Forestais e do servizo anti-incendios.

Colaboracións coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística:

* **En materia de Urbanismo**: paralizacións, apoios demolición...

* En **Patrimonio**, especial vixilancia ao Patrimonio Histórico Artístico da Comunidade.

Menores:

* Control do **absentismo escolar**, venda de **alcol** a menores e a utilización de menores na **mendicidade**.

* Búsqueda, localización e **reintegró** de menores fugados.

* Control do tráfico minorista e consumo de **sustancias estupefacientes** por menores, en centro educativos, no seu entorno ou noutros lugares de ocio.

* **Menores en situación de desamparo** (detección de malos tratos no ámbito intra-familiar, educativo e en centros acollida).

* **Violencia intra-familiar** (tramitación de atestados-denuncias e gravación das ordes de afastamento).

- * Especial atención a situacións de **maltrato** a maiores ou discapacitados.
- * Prestación de colaboracións á Consellería, Fiscalía e Xulgados na elaboración de **informes** solicitados.
- * **Contactos** periódicos coa Dirección de Centros Educativos e Centros sociais para captación de información sobre as problemáticas de menores.
- * **Traslados** de menores.

Outros obxectivos:

- * Realización de apoios en **controis de transportes** de mercadorías por estrada.
- * Seguimento e especial vixilancia da **actividade cinexética**: caza e pesca fluvial.
- * **Camiño de Santiago**. Patrullas e controis/visitas de albergues.

En materia de seguridade establécense os seguintes obxectivos

- ** Colaboración, coordinación e intercambio de información con empresas e persoal de seguridade privada que prestan servizo nos diferentes edificios da Xunta de Galicia.
- **Apoio e colaboración cos servizos de protección dinámica das demais comunidades autónomas que contan con Policía Autonómica ou unidades adscritas.

En canto ao **Grupo de Resposta Policial, ERPOL**, consolidar a súa actuación na loita contra o furtivismo e as demais actividades propias do grupo.